



Consello Galego da
Arquitectura Técnica



coatac




coatlu



coatou



coatpo



aparelladores

CAMIÑO FRANCÉS DE SANTIAGO (Preinscrición)

Proponse realizar unha ruta pertencente á derradeira etapa do Camiño Francés de Santiago.

- **Percorrido:** Lavacolla 41 - Santiago de Compostela. Distancia: 11 km (aprox.)
- **Tempo estimado:** 3 horas (paso lento)
- **Dificultade técnica:** moderada
- **Día proposto:** 27 setembro 2025
- **Participantes:** Colexiados, persoal dos colexios e familiares.

A saída sería dende Lavacolla, preto do aeroporto, para poder facer unha ruta lixeira e para toda a familia de 11-12 km nunha mesma mañá, bastante asequible para a meirande parte das persoas nun estado de saúde aceptable, e incluso para nenos.

Itinerario previsto:

- **09:45** - Deixariamos algúns coches en Santiago para despois voltar -nun lugar a determinar, posiblemente na zona do [Campus Sur](#), e posteriormente seguir ata Lavacolla, lugar onde comezaríamos o noso Camiño.
- **10:00-10:30** - Arrancamos! E esa mesma mañá faríamos todo o percorrido, de aproximadamente 12 km, ata chegar á Catedral. Non debería levarnos máis de 3 horas, aínda tendo en conta un paso moi lento, sabendo que as conversas entre compañeiros e as fotografías da paisaxe serán a tónica habitual (e desexable).
- Chegada aproximada ás 13:00-13:30 horas
- **14:00** - Xa ao mediodía, despois de recrearnos coa catedral e coa Praza do Obradoiro poderíamos xantar nalgún sitio recomendado por algún compañeiro. Xantar que, por suposto, teríamos reservado con antelación.
- Despois dunha longa sobremesa, xa poderíamos ir ata os coches aparcados no Campus Sur e desfacer o camiño andado, esta vez en coche ata Lavacolla, para chegar ao resto de vehículos e voltar á casa.

Por motivos de organización precisamos coñecer o número estimado de interesados, para o que cómpre que primeiro indiques o teu colexio de pertenza:

A Coruña Lugo Ourense Pontevedra. De seguido tes que enviar o boletín cuberto antes do 1 de setembro de 2025 por mail a:



BOLETÍN DE PREINSCRICIÓN:

Nome e apelidos colexiado/a:		Nº colexiado/a:
Colexiado do COAT de:		Nº de Acompañantes:
SI AUTORIZO ao tratamento de imaxes NON AUTORIZO ao tratamento de imaxes	Asinado:	
* Ver cláusula		
*De acordo co que establece a Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, solicitamos o seu consentimento explícito para utilizar as imaxes captadas mediante fotografías e/ou vídeos realizados pola nosa entidade, coa finalidade de potenciar a imaxe corporativa e publicalas na páxina web da entidade e/ou redes sociais. O COAT informa que coa sinatura do presente documento outorga o consentimento explícito para o tratamento dos datos mencionados anteriormente.		